



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

24 NOV. 2024 13:03:12

Entrada **49729**

# Proyecto de construcción da central hidroeléctrica reversíbel Conso II en Vilariño de Conso

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao proxecto de construción da central hidroeléctrica reversíbel Conso II en Vilariño de Conso.**

A conca hidrográfica do Miño-Sil é unha das bacías máis explotadas do Estado por parte das grandes compañías eléctricas, con numerosos encoros, saltos e presas, sen que esta sobre explotación pareza ter fin ante os continuos proxectos de ampliación ou de novos proxectos en tramitación.

Ourense é o territorio coa maior produción hidroeléctrica do Estado por segundo ano consecutivo e xa contempla rexistros de récord anual neste 2024.

En base aos datos do Ministerio de Transición Ecolóxica, no primeiro semestre deste ano, as centrais ourensás produciron 3.890 xigavatios/hora que é a máxima produción de todo o Estado. Ourense produce 50 veces máis produción hidráulica que Madrid porén, Madrid acumula a maioría dos beneficios fiscais desas mesmas grandes empresas eléctricas por estaren domiciliadas aí.

Con todo, continúan as ameazas de incrementar a explotación da zona, coa instalación de máis centrais hidroeléctricas ou ampliacións das existentes, aínda afectando a zonas naturais de especial sensibilidade.

Nesta situación, Iberdrola continúa adiante cun megaproxecto de construción da maior central hidroeléctrica reversíbel do Estado e de toda Europa en Vilariño de Conso (Ourense), denominado Conso II, para crear unha central de acumulación de bombeo na conca do Sil. Unha macro infraestrutura que ten

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

24 NOV. 2024 13:03:12

Entrada **49729**



por obxecto enlazar o encoro do Bao e o de Cenza mediante unha dobre condución hidráulica separados por 10 quilómetros a través de unha zona de especial interese para a conservación natural.

Trátase dunha megacentral subterránea que terá 1.800 MW de potencia e con capacidade para xerar 4.000 GWh ao ano, superando á central da Muela (1.742MW) até agora a máis grande do Estado. A súa potencia sería o dobre de calquera central nuclear. Está perfilada para unha reserva de 58 millóns de KWh de enerxía almacenábel que sería o consumo medio diario de 10 millóns de habitantes.

Como argumento favorábel a promotora destaca os postos de traballo que se crearán, mais estes limitanse á fase de construción do conduto soterrado que une os dous encoros. Non existe creación de emprego nin riqueza para a zona a medio ou longo prazo. Tamén destaca que se trata de enerxía 100% limpa e verde, mais o proxecto destruírá unha área de especial riqueza natural.

Este tipo de macro centrais teñen como único fin o maior lucro das empresas promotoras, mais son innecesarias para a Galiza que xa cumpriu en 2020 o obxectivo que a UE marca para 2030. Xeramos máis produción de fontes renovábeis da que consumimos sen que sexamos compensados pola sobreexplotación dos nosos recursos naturais e tampouco na tarifa eléctrica a pagar. Unha política e estratexia que afonda no tratamento da Galiza como territorio de sacrificio na transición “inxusta”.

O Ministerio de Transición ten en tramitación o impacto ambiental da ampliación da subestación en Viana e a liña de tendido eléctrico que tería que dar cobertura ao macro almacén enerxético. Este expediente está na fin da fase potestativa do EIA. Unha tramitación que empezou no ano 2019. Mais, como xa mencionamos, o macroproxecto terá un forte impacto negativo nunha Zona de Especial conservación que forma parte da Rede Natura. Unha afectación que o Ministerio debe ter en conta, pois suporá escavar os 10 quilómetros en túnel que separan os encoros e construírse unha central reversíbel en caverna que operará alternativamente elevando a auga até o encoro superior de Cenza e logo baixándoa até o do Bao. Toda esta nova



infraestrutura vai incidir de pleno n Zona de Especial Conservación (ZEC) Macizo Central, que forma parte da Rede Natura. Unha zona que xa foi danada en grande medida polas vagas de incendios e que alberga unha das mellores representacións do glaciario pleistoceno do noroeste peninsular.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas con resposta escrita dirixidas ao Goberno:**

1. Dará o Ministerio de Transición luz verde á continuidade da tramitación do mega proxecto de construción da maior central hidroeléctrica do Estado por parte de Iberdrola en Vilariño de Conso, Conso II, que está na fin da fase potestativa do EIA?
2. En que estado está a tramitación do impacto ambiental da ampliación da subestación en Viana e a liña de tendido eléctrico que terá que dar cobertura a este macro almacén enerxético? Considera que as afectacións ambientais poden determinar informar negativamente e que non se aproben estas infraestruturas?
3. Cal é o obxectivo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico no mantemento da política de sacrificio e sobre explotación da bacía do Miño Sil para maior lucro das grandes empresas eléctricas?
4. É consciente de que a Galiza xa cumpriu en 2020 o obxectivo que a UE marca para 2030 e que temos máis produción de fontes renovábeis da que consumimos? Para que máis mega centrais hidroeléctricas en zonas de alto valor ecolóxico e con ecosistemas moi sensíbeis? Considera que esta é unha política sustentábel, continuar a explotar unha conca que esta saturada de encoros e de presas?
5. Considera o Ministerio que, ante os actuais datos de produción de electricidade con enerxías renovábeis, é necesario construír a maior



central do estado e de Europa en Ourense? Cal é o obxectivo? Cal vai ser o beneficio para a zona sacrificada?

6. Atenderá a actual situación de sobreexplotación da bacía do Miño-Sil que é xa a maior produtora de enerxía hidroeléctrica para non conceder máis ampliacións ou concesión para construír mega centrais con enorme impacto ambiental na zona?

Madrid, a 24 de novembro de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al proyecto de construcción de la central hidroeléctrica reversible Conso II en Vilariño de Conso.**

La cuenca hidrográfica del Miño-Sil es una de las más explotadas del Estado por parte de las grandes compañías eléctricas, con numerosos embalses, saltos y presas, sin que esta sobre explotación parezca tener fin ante los continuos proyectos de ampliación o de nuevos proyectos en tramitación.

Ourense es el territorio con la mayor producción hidroeléctrica del Estado por segundo año consecutivo y ya contempla registros de récord anual en este 2024.

En base a los datos del Ministerio de Transición Ecológica, en el primero semestre de este año, las centrales ourensanas produjeron 3.890 gigavatios/hora que es la máxima producción de todo el Estado. Ourense produce 50 veces más producción hidráulica que Madrid sin embargo, Madrid acumula la mayoría de los beneficios fiscales de esas mismas grandes empresas eléctricas por estar domiciliadas ahí.

Con todo, continúan las amenazas de incrementar la explotación de la zona, con la instalación de más centrales hidroeléctricas o ampliaciones de las existentes, aun afectando a zonas naturales de especial sensibilidad.

En esta situación, Iberdrola continúa adelante con un megaproyecto de construcción de la mayor central hidroeléctrica reversible del Estado y de toda Europa en Vilariño de Conso (Ourense), denominado Conso II, para crear una central de acumulación de bombeo en la cuenca del Sil. Una macro



infraestructura que tiene por objeto enlazar el embalse de O Bao y el de Cenza mediante una doble conducción hidráulica separados por 10 kilómetros a través de una zona de especial interese para la conservación natural.

Se trata de una mega central subterránea que tendrá 1.800 MW de potencia y con capacidad para generar 4.000 GWh al año, superando a la central de la Muela (1.742MW) hasta ahora a más grande del Estado. Su potencia sería el doble de cualquier central nuclear. Está perfilada para una reserva de 58 millones de KWh de energía almacenable que sería el consumo medio diario de 10 millones de habitantes.

Como argumento favorable la promotora destaca los puestos de trabajo que se crearán, pero estos se limitan a la fase de construcción del conducto soterrado que une los dos embalses. No existe creación de empleo ni riqueza para la zona a medio o largo plazo. También destaca que se trata de energía 100% limpia y verde, pero el proyecto destruirá un área de especial riqueza natural.

Este tipo de macro centrales tienen como único fin el mayor lucro de las empresas promotoras, pero son innecesarias para Galiza que ya cumplió en 2020 el objetivo que la UE marca para 2030. Generamos más producción de fuentes renovables de la que consumimos sin que seamos compensados por la sobreexplotación de nuestros recursos naturales y tampoco en la tarifa eléctrica a pagar. Una política y estrategia que ahonda en el tratamiento de Galiza como territorio de sacrificio en la transición “injusta”.

El Ministerio de Transición tiene en tramitación el impacto ambiental de la ampliación de la subestación en Viana y la línea de tendido eléctrico que tendría que dar cobertura al macro almacén energético. Este expediente está en el fin de la fase potestativa del EIA. Una tramitación que empezó en el año 2019. Mas, como ya mencionamos, el macroproyecto tendrá un fuerte impacto negativo en una Zona de Especial conservación que forma parte de la Red Natura. Una afectación que el Ministerio debe tener en cuenta, pues supondrá excavar los 10 kilómetros en túnel que separan los embalses y se construirá una central reversible en caverna que operará alternativamente elevando el agua hasta el embalse superior de Cenza y luego bajándola hasta lo del Bao.



Toda esta nueva infraestructura va a incidir de pleno en Zona de Especial Conservación (ZEC) Macizo Central, que forma parte de la Red Natura. Una zona que ya fue dañada en grande medida por las olas de incendios y que alberga una de las mejores representaciones del glaciario pleistoceno del noroeste peninsular.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas con respuesta escrita dirigidas al Gobierno:**

1. ¿Dará el Ministerio de Transición luz verde a la continuidad de la tramitación del mega proyecto de construcción de la mayor central hidroeléctrica del Estado por parte de Iberdrola en Vilariño de Conso, Conso II, que está en el fin de la fase potestativa del EIA?
2. ¿En qué estado está la tramitación del impacto ambiental de la ampliación de la subestación en Viana y la línea de tendido eléctrico que tendrá que dar cobertura la te eres macro almacén energético? ¿Considera que las afectaciones ambientales pueden determinar informar negativamente y que no se aprueben estas infraestructuras?
3. ¿Cuál es el objetivo del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico en el mantenimiento de la política de sacrificio y sobre explotación de la cuenca del Miño Sil para mayor lucro de las grandes empresas eléctricas?
4. ¿Es consciente de que Galiza ya cumplió en 2020 el objetivo que la UE marca para 2030 y que tenemos más producción de fuentes renovables de la que consumimos? ¿Para que más mega centrales hidroeléctricas en zonas de alto valor ecológico y con ecosistemas muy sensibles? ¿Considera que esta es una política sustentable, continuar a explotar una cuenca que está saturada de embalses y de presas?



5. ¿Considera el Ministerio que, ante los actuales datos de producción de electricidad con energías renovables, es necesario construir la mayor central del estado y de Europa en Ourense? ¿Cuál es el objetivo? ¿Cuál va a ser el beneficio para la zona sacrificada?
  
6. ¿Atenderá la actual situación de sobreexplotación de la cuenca del Miño-Sil que es ya la mayor productora de energía hidroeléctrica para no conceder más ampliaciones o concesión para construir mega centrales con enorme impacto ambiental en la zona?

Madrid, a 24 de noviembre de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**